

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO OURENSÁN DE MONTEVIDEO PARA A ACTUACIÓN URGENTE NO TEITO DA SEDE SOCIAL

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 140/2020, do 17 de setembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional primeira do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, o **Centro Ourensán de Montevideo**, representado neste acto polo presidente da entidade, Benito Grande Quintana, actuando no seu nome e representación.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e, para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As administracións públicas no exercicio das súas competencias poden subscribir convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en concordancia co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

SEGUNDO.- De acordo co establecido no artigo 27 do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
Rúa Basquinos, 2
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158

emigracion@xunta.gal



Autónoma de Galicia no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade e, en particular, as relacións e apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento e a representación e participación nos órganos e foros relacionados con elas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

TERCEIRO.- De acordo co dito Decreto 108/2022, do 16 de xuño, a Secretaría Xeral da Emigración xestiona diversos programas tendentes á mellora da calidade de vida dos galegos e das galegas residentes fóra de Galicia que executa a través da estrutura das entidades galegas do exterior, polo que procura contribuír á conservación, fomento e promoción do seu patrimonio.

CUARTO.- O Centro Ourense de Montevideo é unha entidade sen ánimo de lucro fundada en 1958 e inscrita no Rexistro da Galeguidade como centro colaborador da galeguidade, que ten entre os seus obxectivos ser punto de reunión dos galegos, compartir a cultura galega e colaborar coas persoas compatriotas.

QUINTO.- A entidade conta cun inmovible en propiedade situado na rúa Ana Monterroso de Lavalleja, 2010-2014, 11200 Montevideo (Uruguai), no que ten establecida a súa sede social, e no que actualmente acolle a Casa de Galicia centro histórico-cultural, entidade herdeira da extinta Casa de Galicia de Montevideo.

Entre o patrimonio custodiado no inmovible atópase a biblioteca da antiga Casa de Galicia, de gran valor sentimental e histórico para a poboación galega do Uruguai, que corre perigo de verse danada porque as dependencias nas que está depositada están cubertas unicamente por unha lona, motivo polo que resulta urxente dotalas dun teito impermeable.

O custo total estimado da actuación é de 10.808 euros, segundo o orzamento presentado, e á entidade élle imposible asumilo cos seus propios recursos.

SEXTO.- A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c)

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACION
Rúa Basquiños, 2
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158

emigracion@xunta.gal



da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non é posible promover a concorrência pública.

A importancia desta entidade e do legado que acolle para a colectividade galega que reside en Uruguai xustifica o interese público para a concesión directa e extraordinaria da subvención obxecto deste convenio por parte da Secretaría Xeral da Emigración ao abeiro do disposto no citado artigo 19.4 c) da Lei 9/2007.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración que recolle as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes para a actuación urxente no teito da sede social do Centro Ourensán de Montevideo que impermeabilice as dependencias onde está depositada a biblioteca da extinta Casa de Galicia de Montevideo.

SEGUNDA.- Crédito orzamentario

Co obxecto de colaborar no financiamento das accións recollidas neste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, unha contía de **dez mil cincocentos euros (10.500€)**.


TERCEIRA.- Compatibilidade

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade que se vai realizar.

CUARTA.- Pagamento

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACION
Rúa Basquinos, 2
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158

emigracion@xunta.gal



O pagamento realizarase no momento no que a entidade beneficiaria xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.


QUINTA.- Prazo e forma de xustificación

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de decembro de 2023.

En virtude do disposto no título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa, que conterá a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos deste convenio, asinada pola persoa representante da entidade.
- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio, asinada pola persoa representante da entidade.
- Fotografías que recollan o resultado da actuación realizada.
- Relación clasificada dos gastos relacionados coas actividades e servizos prestados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.
- Documentos xustificativos dos gastos relacionados no paragrafo anterior, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que fosen efectivamente pagados durante o período de vixencia do convenio e con anterioridade á data de finalización da súa xustificación.

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo/a beneficiario/a. Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptarase a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.



- Se é o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- No seu caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.
- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor/a por resolución de procedemento de reintegro.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, e sempre que se tivera acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

SEXTA.- Reintegro

Procederá o reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento, nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se deba minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.



SÉTIMA.- Obrigas das partes

1. O Centro Ourensán de Montevideo comprométese a:

- Realizar a contratación e cantas outras actuacións sexan precisas para levar a cabo o obxecto deste convenio.
- Destinar os fondos percibidos a financiar a dita actuación.
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións que fosen precisas.
- Comunicarlle de forma inmediata á Secretaría Xeral da Emigración a obtención doutras axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Remitirlle á Secretaría Xeral da Emigración a información detallada sobre a súa actividade cando esta llo requira e, en todo caso, á conclusión deste convenio.
- Achegar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para as persoas beneficiarias de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice ao desenvolver este convenio, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como os seus correspondentes logotipos.
- Facilitar a actuación do persoal técnico da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.
- Subministrarlle á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da antedita lei.

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACION
Rúa Basquinhos, 2
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158

emigracion@xunta.gal



2. A Secretaría Xeral da Emigración obrígase a:

- Achegar o importe do financiamento previsto na cláusula segunda, condicionado ao cumprimento do estipulado neste convenio.

OITAVA.- Modificación do convenio

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para conceder esta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

NOVENA.- Causas de resolución do convenio

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán causa de resolución do convenio e darán lugar, se é o caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución
2. Son causas de resolución:
 - a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan
 - b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga
 - c) O acordo unánime de todas as partes asinantes
 - d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
 - e) A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos que motivaron a súa concesión
 - f) Calquera outra causa prevista nas leis.

DÉCIMA.- Comisión de seguimento

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACION
Rúa Basquiños, 2
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158

emigracion@xunta.gal



Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dúas en representación da Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha exercerá a presidencia, e dúas en representación da entidade.

A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 do outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e a subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

DÉCIMOPRIMEIRA.- *Relación laboral*

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á dita secretaría responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes ao persoal contratado para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

DÉCILOSEGUNDA.- *Publicidade, seguimento e colaboración*

As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto.

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACION
Rúa Basquiños, 2
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158

emigracion@xunta.gal



En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMOTERCEIRA.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Secretaria Xeral da Emigración. As partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; na Lei 38/2003, do 17 de novembro e demais normativa de aplicación.

DÉCIMOCUARTA.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 22 de decembro de 2023, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.


Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2023.

DÉCIMOQUINTA.- Protección de datos

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACION
Rúa Basquiños, 2
15781 Santiago de Compostela
T +34 981 957 158

emigracion@xunta.gal




En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares deste convenio, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O secretario xeral da Emigración



Antonio Rodríguez Miranda

O presidente do Centro Ourenseño de
Montevideo



Benito Grande Quintana